

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10IOUT	<i>Expediente</i> CON/59/2015	<i>Fecha</i> 03-06-16 12:31

Número 82 .- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.

Destinatario

15078DCMG10IOUTF



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 03 de xuño de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 82 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES RELATIVA Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE DISPOSITIVOS DE AUGA QUENTE SANITARIA E AUGA FRÍA DE CONSUMO HUMANO PARA O CONTROL E PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN POR LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 26 de maio de 2016, do concelleiro delegado de Deportes. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, nº 2016/279 de data 30.5.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de deportes, e presidente da mesa de contratación da licitación "Prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais" conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 9/5/2016,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0UT	<i>Expediente</i> CON/59/2015	<i>Fecha</i> 03-06-16 12:31

Primeiro: Con data 10 de maio de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador AGRO NERGA SL.

Segundo: Con data 24 de maio, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **AGRO NERGA SL**, por un importe de **14.795 euros/ano** (IVE aparte 21%: 3.106,95 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a realización dun tratamento de desinfección e desinsectación a levar a cabo na totalidade das instalacións obxecto do contrato, sen custo algún para o Concello.

Designar como responsable do contrato ó técnico municipal de deportes, D. Juan Garabato Rodríguez.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **090 34200 22700**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 9.700,00 euros.
Anualidade 2017: 17.901,95 euros.
Anualidade 2018: 8.201,95 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "Prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0UT	<i>Expediente</i> CON/59/2015	<i>Fecha</i> 03-06-16 12:31

contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais" a favor da empresa **AGRO NERGA SL**, por un importe de **14.795 euros/ano** (IVE aparte 21%: 3.106,95 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a realización dun tratamento de desinfección e desinsectación a levar a cabo na totalidade das instalacións obxecto do contrato, sen custo algún para o Concello.

Designar como responsable do contrato ao técnico municipal de deportes, D. Juan Garabato Rodríguez.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **090 34200 22700**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2016: 9.700,00 euros.

Anualidade 2017: 17.901,95 euros.

Anualidade 2018: 8.201,95 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**

